

BIBLIOTECA

O empréstimo xestiónase nos recreos, presentando o carné da biblioteca. O retraso nas devolucións e/ou deterioración ou perda do material levará consigo a súa correspondente reparación.

EDIFICIO E RECINTO ESCOLAR

A comunidade educativa velará pola conservación e limpeza de todas as instalacións. O alumnado manterá un comportamento cívico.

A dirección do centro e a comisión de convivencia, avaliarán os casos de incumprimento das normas de convivencia ou danos nas instalacións, estando obrigados os infractores a asumir as oportunas accións correctoras e/ou facerse cargo do custo económico das reparacións ou do material afectado.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Consideradas como favorecedoras e enriquecedoras para o ensino-aprendizaxe do alumnado, os departamentos didácticos, coordinados pola vicedirección do centro, presentarán as súas propostas ao comezo do curso académico. Cando as actividades programadas se desenvolvan no centro e non supoñan custe económico ningún, serán de obrigada asistencia.

Para poder asistir ás actividades que se desenvolvan fóra do recinto escolar, o alumnado deberá presentar unha autorización asinada polo pai, nai ou titor legal, agás o alumnado maior de idade.

CANLES DE COMUNICACIÓN

O IES Pino Manso dispón dunha páxina web:

www.edu.xunta.es/centros/iespinomanso/ na que se poden consultar as actividades desenvolvidas, calendario de exames, relación de titores e titoras, horas de titorías e documentos académicos do centro, entre os que se atopan as normas de organización e funcionamento.

O envío de SMS ás familias permite ademais informar sobre aspectos puntuais. Tamén se utilizará como canle de comunicación a aplicación **Abalar**.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES PINO MANSO

O PORRIÑO



Avaliacións CURSO 2022/2023

1ª Av. ESO-BAC-FP: Do 28 novembro- 2 decembro 2022

2ª Av. ESO- 1ºBAC-FP: Do 6 - 10 marzo 2023

2ª Av. 2ºBAC: 28 febreiro 2023

3ª Av. ESO- Av. Ordinaria 1ºBAC-FP: Do 5- 9 xuño 2023

Av. ordinaria 2ºBAC: 18 maio 2023

Av. final ESO-Av. extraordinaria BAC-FP: 22-23 xuño 2023

Bibliotecas
escolares
de Galicia



DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

Entre outros:

O alumnado ten do dereito de recibir formación integral e coeducativa que contribúa ao desenvolvemento da súa personalidade de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

O alumnado ten dereito á protección integral contra toda agresión física ou moral.

O alumnado ten o deber de asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

O alumnado ten que o deber de respectar as normas de organización, convivencia e disciplina.

ACCESO AO CENTRO

Rúa Antonio Palacios, 76, para o alumnado, as súas familias e público en xeral.

AULAS DE GRUPO

É responsabilidade de cada grupo o perfecto mantemento do espazo, o mobiliario e os recursos materiais da súa aula.

É necesario seguir as pautas de hixiene e limpeza do espazo, evitando tirar obxectos ao chan, pintar paredes, mesas, etc.

O alumnado debe facer tamén un uso axeitado dos baños.

USO DO TELÉFONO MÓBIL

Prohíbese o uso de teléfono móbil e dispositivos similares no recinto escolar, agás por autorización do profesorado como ferramenta pedagóxica nos períodos lectivos.

NORMAS RELATIVAS ÁS FALTAS DE ASISTENCIA E PUNTUALIDADE

Faltas de asistencia e puntualidade

O profesorado levará o control destas faltas, anotándoas na aplicación informática Xade, da Xunta de Galicia.

Tipifícase como falta leve : tres faltas de asistencia a clase non xustificadas ou cinco faltas de puntualidade ao mes. De producirse calquera dos citados casos, comunicárase aos pais, nais ou titores legais. As faltas leves implican unha amoestación escrita e a aplicación de medidas correctoras, buscando a aprendizaxe do alumno para que estas actitudes non persistan.

A acumulación de tres faltas leves poderá ser considerada como falta grave e serán tratadas segundo a normativa vixente.

No caso do alumnado de **ESO**, unha vez acumuladas o 10% das faltas mensuais sen xustificar, aplicarase o protocolo de absentismo que se iniciará coa presenza das/dos nais/pais ou titores legais no centro para reconducir a situación, levantándose acta da reunión e rexistro escrito dos compromisos establecidos coas familias.

No caso do alumnado de **2º de Bacharelato** cunha materia suspensa e a acumulación do 15% de faltas sen xustificar nesa materia ao longo do curso, segundo a lexislación vixente, non poderá titular. O centro avisará por escrito ao alumnado de bacharelato cando acade as dúas terceiras partes desas faltas. Segundo sexa o número de horas semanais de cada materia, a aplicación das porcentaxes será a seguinte:

	Materias de 4 horas/semana	Materias de 3 horas/semana	Materias de 2 horas/semana	Materias de 1 hora/semana
Apercibimento por escrito	16	12	8	4
Non titulación no caso dunha materia suspensa	24	18	12	6

Xustificación das faltas

O alumnado amosará o xustificante das faltas ao profesorado correspondente para o seu coñecemento. A continuación entregará dito xustificante á/ao titor/a, nun prazo máximo de 5 días desde a súa incorporación ás clases. A xustificación das faltas deberán acreditarse cos seguintes documentos:

1. Xustificante médico, no caso de enfermidade propia ou grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
2. Documento acreditativo no caso de deberes inescusables e presentacións a exames oficiais.
3. Calquera outro documento acreditativo oficial.
4. No caso do alumnado de ESO, as/os nais/pais ou titores legais, poderán xustificar as faltas dos seus fillos/as ata un máximo de dous días ao mes. A partir do terceiro día, deberán presentar os documentos relacionados nos puntos 1, 2 e 3 anteriores.

RECOLLIDA DO ALUMNADO MENOR DE IDADE

O alumnado menor de idade, unha vez comezada a actividade lectiva, non poderá abandonar o centro educativo, agás acompañado pola/o súa/seu nai, pai ou titor legal ou persoa que os antes ditos autoricen. Solicitarán o impreso de autorización: Recollida de alumnado, que está dispoñible na conserxería do IES Pino Manso, onde o entregarán debidamente asinado no momento de recoller á/ao alumna/o.